

<b>LCL</b>	IES de Mugarodos. Departamento de Lingua castelá e Literatura	
	MATERIA	Lingua castelá e Literatura
	PROFESOR/A	Camilo Soto

## CONTIDOS

### 1.<sup>a</sup> AVALIACIÓN

- Lectura, comprensión e composición de textos narrativos, descritivos e dialogados.
  - Gramática: enunciado e as súas clases. A modalidade dos enunciados. O sintagma. A oración. O Sintagma verbal. O verbo e o adverbio. O sintagma nominal. O substantivo.
  - Ortografía: representacións de sons. Signos que indican final de enunciado. As maiúsculas. Regras xerais de acentuación.
  - Léxico: A polisemia. Creación de novas palabras (sufixación e prefixación).
- Norma: siglas e abreviaturas. Concordancia suxeito/predicado. Desinencias verbais, uso do xerundio e do infinitivo.
- A literatura e as súas formas: a literatura medieval até o século XV.

### 2.<sup>a</sup> AVALIACIÓN

- Os medios de comunicación. A prensa. Lectura, comprensión e composición de textos periodísticos.
- Gramática: O artigo e os adxectivos determinativos. O adxectivo cualificativo. Os pronomes. Constituíntes da oración. Ortografía: División de palabras. Grafías dubidosas (H-, b/v).
- Léxico: A composición. As familias de palabras. O significado das palabras.
- Norma: os numerais. O adxectivo. Os pronomes. Construcións impersoais.
- A literatura e as súas formas. A literatura no século XV e nos séculos de Ouro.

### 3.<sup>a</sup> AVALIACIÓN

- Lectura, comprensión e composición de textos literarios.
- Textos para desenvolver as competencias clave: periodísticos, académicos e cotiáns.
- Gramática: Os complementos do verbo.
- Ortografía: grafías dubidosas (j/g). A coma e o punto e coma.
- Norma: leísmo, loísmo e laísmo. Dequeísmo e queísmo.
- Os conectores textuais e os principais mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais como léxicos. As modalidades oracionais.
- A literatura e as súas formas: o barroco.

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Actitude	10,00%		
Conceptos e procedementos	90%	Probas escritas	70,00%
		Traballos/Proxectos	10,00%
		Lecturas	10,00%

Haberá dúas probas escritas por avaliación. En canto ás lecturas, os alumnos deberán ler unha obra por avaliación. Farase unha proba de lectura (resumo da obra e opinión) ao final de cada avaliación.

A nota final do curso obterase facendo a media das notas das tres avaliacións (calculando a partires das notas aritméticas obtidas en cada unha delas, con decimais, e non da nota redondeada que figura no boletín).

**Nas probas escritas descontaranse 0,05 por faltas leves (ex: tiles) e 0,1 por faltas máis graves.**

**No caso de detectar que se copia nos exames retirarase o exame inmediatamente e daráselle a oportunidade ao alumno/a de demostrar oralmente os seus coñecementos. No caso de negarse ou de non ser capaz de responder correctamente, poráselle un cero.**

## PLAN DE LECTURA ANUAL

Hora de Ler: Sí.

Lecturas Obrigatorias/Recomendadas:

Primeira avaliación:

A. Alcolea: *El medallón perdido*.

Segunda avaliación:

C. Mallorquí: *Las lágrimas de Shiva*.

Terceira avaliación:

E. Ellis: *El pan de la guerra*.

Os alumnos que o desexen, poderán ler tamén calquera das seguintes obras para subir 0'5 puntos a nota de cada avaliación:

D. Ellis: *El viaje de Parvana*.

J. M. Gisbert: *Los armarios negros*.

A. Conan Doyle: *El perro de los Baskerville*.

J. Sierra i Fabra: *Las chicas del alambre*

E. A. Poe: *El escabajo de oro*.

A. Pérez Reverte: *El capitán Alatriste*.

## **TIC**

Os contidos do curso serán traballados empregando, entre outros materiais, algúns disponibles na rede e seleccionados polo profesor. Así mesmo, empregarase o encerado dixital con que conta a aula para apoiar as explicación e para facer diversas actividades. Tamén se priorizará o emprego dos procesadores de texto, cos cales se farán parte das actividades das avaliacións.

## **PROXECTOS/ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS/PROGRAMAS...**